

VIERNES, 12 de febrero de 2010

A VER | LUCES

## Escribir fóra e dentro

SUSO DE TORO | 12 FEB 2010

Nas nosas vidas vai desaparecendo o espazo, os lugares físicos, e tratamos a distancia. Vivimos a distancia a través do teléfono, da Rede, dos autos, dos trens e dos avións. Vivimos o espazo de modo moi distinto aos nosos avós que para emigraren a América viaxaban semanas a bordo dun barco mentres nós chegamos en avión nunhas horas. O espazo vaise acabando, acabamos con el. E así e todo o espazo segue determinando as nosas vidas e a forma na que nos organizamos como sociedade, que llelo pregunten se non aos exiliados do seu país. Ou aos emigrados. Vivir lonxe do lugar de un é vivir fóra da propia memoria, en parte é vivir fóra de un propio. Iso ás veces é para uns unha mágoa e para outros unha liberación, unha nova oportunidade. Á fin, uns e mais outros, todos perden, os que fican no lugar acoran e os que viven lonxe senten que perderon a vida por aí diante.

O lugar ao que un sente pertencer é parte da identidade trágica da gran maioría dos seres humanos. Como atinxe isto aos escritores? Viven aquí escritores que sendo galegos de orixe escriben en castelán, escritores que non sendo galegos de orixe escriben en galego. Precisamos a existencia de todos eles. Un país homoxéneo é un inferno enfermo (e cómo habemos renunciar a dona Emilia, a Valle ou a Oroza). Con todo, a tensión imprescindíbel e poderosa dáse entre a lingua galega e o país que a naceu. A literatura da emigración e do exilio foi obsesiva coa identidade galega: sempre a ollar desde lonxe para Galiza. Mais hoxe hai quen vive lonxe sen ser exactamente emigrado ou exiliado, persoas que por motivos varios probaron a vivir fóra do país. Entre elas hai escritores, por forza deben de vivir dun xeito peculiar a súa relación co país. E de seguro que coñecen cousas de nosoutros, os que vivimos aquí, que nós non sabemos; a súa ollada debera sérmonos valiosa. Eles poida que saiban máis (aínda que iso non os faga máis felices).

O que marcha, renuncia ao que hai aquí, busca e encontra fóra novas oportunidades que aquí non atoparía. Perde, pola contra, as oportunidades que ofrezca o país. Gaña un espazo fóra, perde o seu espazo aquí. É un prezo a pagar. Os escritores que escriben en galego e viven fóra de Galiza pagan o prezo de ser máis ou menos esquecidos, preteritados, negados. Dicimos que o que importa é a obra literaria, o valor dos libros. Así debera ser. Porén, se o autor dos libros non comparece, non asiste, non ten presenza humana entre nosoutros esquecemos o libro e mais o autor. É cruel. A crueldade é a idea que ten a vida do que é a xustiza. A vida entende que o correcto é ser sempre salvaxe. Por iso os civilizados témola e loitamos con ela.

Habería que facer por traer a entre nosoutros a escritores que escriben na lingua que os fai pertencer, malia que non conseguen incluílos na vida do país. Que precisan tamén ser vistos e recoñecida a súa obra no que xustamente valen. Lembro agora a Arcadio López Casanova, a Vicente Araguas, a Reigosa. E teño presente a case unha xeración de escritores, que conservan máis presenza, como Miguel Anxo Murado, que vén ofrecendo marabillas desde os 80, ou Xelís de Toro ou Xabier Queipo. Eles e outros se se reunisen terían cousas a contar sobre o que é ser escritor galego desterritorializado, escribir fóra.